



CIRCULAR 17-2020.

XXXIV CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER DE CAMPO A TRAVÉS INDIVIDUAL E CLUBS.

- A todas as Delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo e o Concello de A Pobra do Caramiñal organizan o XXXIII Campionato de Galicia de campo a través Máster o 2 de febreiro no circuíto de campo a través de A Pobra do Caramiñal.

Art.2).- Poderán participar todos/as aqueles/as atletas federados/as das seguintes categorías (homes e mulleres) que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual por algún club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras comunidades autónomas.
- Atletas non galegos/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia nin recibir medalla.*

A NIVEL INDIVIDUAL	
HOMES	MULLERES
M-35 De 35 a 39 anos	F-35 De 35 a 39 anos
M-40 De 40 a 44 anos	F-40 De 40 a 44 anos
M-45 De 45 a 49 anos	F-45 De 45 a 49 anos
M-50 De 50 a 54 anos	F-50 De 50 a 54 anos
M-55 De 55 a 59 anos	F-55 De 55 a 59 anos
M-60 De 60 a 64 anos	F-60 De 60 a 64 anos
M-65 De 65 a 69 anos	F-65 De 65 a 69 anos
M-70 De 70 a 74 anos	F-70 De 70 a 74 anos
M-75 De 75 a 79 anos	F-75 De 75 a 79 anos
M-80 De 80 a 84 anos	F-80 De 80 a 84 anos
M-85 De 85 en adiante	F-85 De 85 en adiante
A NIVEL DE EQUIPOS	
HOMES	MULLERES
De 35 a 44 anos	Todas as categorías
De 45-59 anos	
Máis de 60 anos	

Os atletas poden baixar de categoría, sendo polo menos 2 atletas os que puntúan no equipo da categoría na que se quere puntuar (a inferior). Un atleta poderá baixar de categoría para puntuar co seu equipo sempre que o manifeste á hora da inscrición (no campo DORSAL); en caso contrario, puntuará co seu grupo de idade. Non se pode dobrar. Non se permiten cambios o día da proba.



Art.3).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 28 de xaneiro. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible de repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.5).- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos; a clasificación por equipos farase da seguinte maneira:

Separaranse os atletas por grupos de idade (35-44,45-59, +60) e farase unha clasificación parcial de cada grupo. De esta clasificación sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas de cada club, sendo o mellor club o que sume menos puntos (en caso de empate, desfarase co mellor posto do terceiro atleta en puntuar).

Cada club terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

Art.6).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras

Apertura Cámara de chamadas	Peche Cámara de chamadas	Hora proba	Categoría	Sexo	Voltas	Distancia aprox.
11:05	11:15	11:30	Máster W35+	Mulleres	1V Pequena +3V Grandes	5.500
11:45	11:55	12:10	Máster M35-40	Homes	1V Pequena +3V Grandes	5.500
12:35	12:45	13:00	Máster M45+	Homes	1V Pequena +3V Grandes	5.500
13:45	Entrega de premios					

Art.7).- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.

Art.8).- Todos os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran á zona de saída coa roupa de competición.

Art.9).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas clasificados/as a nivel individual así como trofeos ós tres primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías.

Art.10).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 21 de xaneiro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo